

## Notas sobre palabras compostas: unidades formadas por máis de dous elementos

En setembro de 1989 presentamos na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago unha tese de licenciatura sobre *Palabras compostas no galego actual* (inédita), na que tomábase como punto de partida o estudo de X.L. Blanco Valdés sobre as palabras compostas en galego medieval<sup>1</sup>, a fin de comprobar en qué medida se mantiña a situación por el descrita ou evolucionara de forma diversa ata a fase actual.

O expolio de diversos dicionarios e repertorios lexicográficos, así como a lectura detida dunha selección de obras literarias e exemplos tomados "de oído" da fala cotiá, permitíronnos constatar que, fronte ó que parecía ocorrer<sup>2</sup> na época medieval, o tipo sin dúbida algunha máis frecuente é -ó igual que nas demais linguas románicas- o de verbo + substantivo, seguido da combinación de substantivo + adxectivo ou adxectivo + substantivo, de tal maneira que a práctica achegábanos continuamente a compostos cunha estrutura bimembre.

Por ese motivo, pareceunos de enorme interese a análise daqueles -poucos- casos nos que son tres ou máis os constituintes das unidades compostas, posto que viñan a darnos, en certa maneira, unha pista para comprender o proceso de fixación que pode levar ós sintagmas fixos a se convertiren en palabras compostas, ó manter en aínda algún tipo de "marca" ou "determinación" das que normalmente carecen os auténticos compostos.

Unha primeira aproximación lévanos cara á súa procedencia e nela presentaremos as categorías morfolóxicas ás que pertencen os constituintes e a categoría á que adscribímolo composto.

---

<sup>1</sup> Vid. X.L. Blanco Valdés, "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba* 12, 1985, pp. 199-252.

<sup>2</sup> Non esquezamos que, para etapas da historia da lingua anteriores á actual, non temos máis datos que os que os textos nos proporcionan, o que nos dá só unha visión parcial da realidade.

## 1) FORMAS NAS QUE INTERVEN UN VERBO

Nomes compostos	<i>xatentendo</i>	adv + pron + verbo
	<i>montacachurra</i>	verbo + (prep + art) + nome
	<i>barredallas</i>	verbo + conx + verbo (pr. enclítico)
	<i>escalofrío</i>	verbo + nome + nome
	<i>fioncego</i>	verbo + (prep. + artigo) + nome
	<i>fozanamerda</i>	verbo + (prep + artigo) + nome
Adxectivos compostos	<i>bailanacriba</i>	verbo + (prep + art) + nome
	<i>botaporela</i>	verbo + prep + pr
	<i>metementodo</i>	verbo (pr. enclítico) + prep + pr
	<i>mexanacama</i>	verbo + (prep + art) + nome
	<i>pousameaxeito</i>	verbo + prep + locución + nome
Locucións adverbiais	<i>arredecu</i>	verbo + prep + nome
	<i>dacamaspallas</i>	verbo + prep enclítico + art + nome

No cadro anterior téntanse recoller tódolos tipos posibles, pero non tódolos exemplos rexistrados, pois ós que aí están teríamos que engadir aínda algúns máis, como o termo despectivo *tentenoaire*, que se aplica a unha persoa que anda con afectación, e no que aparece un imperativo seguido dun complemento de lugar introducido por preposición; *arrincatenabo*, onde temos un pronome entre o imperativo e o nome; *papalaberza* e *vichelocrego*, onde o elemento intercalado é o artigo determinado; *fervellasberzas*, *fervellasfabas* ou *fervellocaldo*, nos que aparecen pronome + artigo. E, por suposto, toda unha serie de expresivos alcumes, do tipo de *Fodecheocú*, *Rapalamincha*, *Fodenaterra*, así como outro recollido por nós, que é toda unha expresión inxuriosa nun tipo de lingua a medio camiño entre o galego e o castelán (e con elementos que non son nin unha cousa nin a outra): *Mecajoenlosdemundios*.

Concorren neste tipo de formacións unha serie de elementos autónomos (formal e semanticamente) que xiran ó redor dun verbo (elemento principal), situado cáseque sempre en primeiro lugar<sup>3</sup>.

A diferenza do que observamos no apartado adicado ós compostos de verbo + nome (tipo *espantapáxaros*, *picapeixe*, etc.), o verbo está agora acompañado dun conxunto de elementos que o modifican (preposición, pronomes, etc.). De aí que reciba denominacións coma a de "(compostos) de verbo máis sintagma"<sup>4</sup> ou "(compostos) dunha oración"<sup>5</sup>.

A colocación destes membros é inalterable; non se dá mobilidade no seo da forma composta, debido nunha grande parte a que dela depende o significado da palabra.

Para Coseriu "le signifié du produit final dépend de l'ordre des combinaisons"<sup>6</sup>. Destruída esa orde lineal a significación da palabra queda desfeita:

\* *friescalo*

\* *todometemen*

A estrutura destes exemplos coincide coa do grupo sintáctico que constitúe a súa base; como afirma Seijo Castroviejo, estamos diante dun grupo sintáctico condensado<sup>7</sup>, no que se ve tamén unha formación totalmente mecánica, con formacións de máis de dúas palabras que chegan a constituir unha amalgama na que resultan perfectamente recoñecibles os diversos compoñentes<sup>8</sup>.

Marouzeau, estudando a lingua francesa, observa que hai actualmente propensión "à lexicaliser des complexes syntaxiques"<sup>9</sup>.

O significado dos elementos que interveñen na composición é perfectamente deducible, debido á presenza de tódolos compoñentes, e á non ambigüidade das relacións sintácticas por eles mantidas.

<sup>3</sup> A excepción de *xatentendo*, onde ocupa a última plaza.

<sup>4</sup> Vid. A. Vañó Cerdá, "Sobre el tipo de composición romance 'portaplumas'", *Caligrama*, A:2, 1984, pp. 181-221, p. 183.

<sup>5</sup> Vid. J. Alemany Bolufer, *Tratado de la formación de palabras en lengua castellana. La derivación y la composición. Estudio de los sufijos y prefijos empleados en una y otra*, V. Suárez, Madrid, 1920, p. 174.

<sup>6</sup> Cfr. E. Coseriu, "Les procédés sémantiques dans la formation des mots", *Cahiers Ferdinand de Saussure*, 35, 1982, pp. 3-16, p. 14.

<sup>7</sup> Vid. M<sup>a</sup> A. Seijo Castroviejo, "Algunas observaciones sobre las formaciones compuestas", *Anuario de Estudios Filológicos*, 5, 1982, pp. 201-210, p. 207.

<sup>8</sup> *Ibid.*, p. 207.

<sup>9</sup> Cfr. J. Marouzeau, "Composés à l'état naissant", *Mélanges de Linguistique offerts à Albert Dauzat*, d'Artey, Paris, 1951, p. 207.

## 2) A BASE DO NOME COMPOSTO E UN SINTAGMA NOMINAL

Nome	<i>afariñamenos</i>	artg + nome + adv
composto	<i>tutilimundi</i>	adx + artg + nome

Da fusión morfolóxica dun sintagma nominal proveñen nomes compostos que están dentro das leis sintácticas habituais, e que, semanticamente, constitúen unha unidade de grande forza expresiva. Nestes dous exemplos non se atopa, sen embargo, transparencia no significado, xa que *afariñamenos* designa o 'salvado fino' mentres que *tutilimundi* é un italianismo deformado co significado de 'todo o mundo'.

O nome é o nó da formación, atopándose nestes casos dúas das tres situacións posibles:

2º lugar - *afariñamenos*

3º lugar - *tutilimundi*

Como comentabamos arriba, hai na base unha estrutura sintáctica complexa na que non se dá ningunha elisión, o que é interpretado así por Tekavčić: "esistono ...composti di intere frasi e non solo nella struttura profonda, ma anche a livello di quella superficiale"<sup>10</sup>.

A orde das combinacións segue a ser decisiva para o significado do produto final, aínda que moitas veces este excede o previsible. Á vista destes casos, pódese apreciar con certa claridade o proceso que dá lugar á formación das palabras compostas. Temos, en primeiro lugar, unha cláusula (ou só un sintagma nominal) na que aparece un predicado constituído polo núcleo verbal máis un complemento, case sempre introducido por preposición, e no que non falta nen sequera o artigo determinado (*baila na criba; mexa na cama*).

Esa cláusula resulta identificadora dun ser ou dunha actitude ou cualidade, polo que a relación entre os elementos que a constitúen non tarda en manifestarse dunha maneira indisoluble, ata dar lugar a unha unidade composta indisociable.

O mesmo ocorre coa maior parte dos compostos de verbo + nome, pero alí o sustantivo soe desempeña-la función de C.D., polo que non aparece a preposición nin normalmente o artigo, de tal maneira que representan xa a lexicalización completa dos sintagmas que os produciron, e que en boa medida deberon xurdir de locucións similares ás comentadas nesta nótula, que non pretende outra

<sup>10</sup> Cfr. P. Tekavčić, *Grammatica storica dell'italiano*, Il Mulino, Bologna, 1972, III, pp. 144-145.

cousa que chama-la atención sobre este tipo de formacións compostas (¿ou hai que consideralas "expresións fixas"<sup>11</sup>) tan expresivas e curiosas a un tempo.

JULIA MARQUÉS VALEA

---

<sup>11</sup> Vid. A. Zuloaga, "Estudios generativo-transformativistas de las expresiones idiomáticas", *Thesaurus (Boletín del Instituto Caro y Cuervo)*, XXX, 1, 1975, pp. 1-48; y "La fijación fraseológica", *Thesaurus (BICC)*, XXX, 1975, pp. 225-248.